

# PLAN DE EMERXENCIA- EVACUACIÓN



**Escola Superior de Arte Dramática de Galicia**

**DATA: 31 de Maio de 2022 (2ª revisión)**

**SPRL**

Servizo de prevención de riscos laborais



## DOCUMENTO I: INFORMACIÓN XERAL DO RISCO

### **Capítulo 1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.**

- 1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.
- 1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e do Xefe de Intervención, caso de ser distintos. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

### **Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.**

- 2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.
- 2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.
- 2.3 Clasificación e descrición de usuarios.
- 2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.
- 2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.

### **Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.**

- 3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.
- 3.2 Cadro de locais de risco especial segundo o C.T.E.

## DOCUMENTO II: MEDIOS DE PROTECCIÓN

### **Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de emerxencia.**

- 4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.

### **Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións.**

5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.

5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.

5.3 Realización das inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente.

## **DOCUMENTO III: PLAN DE ACTUACIÓN**

### **Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.**

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias

6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias:

a) Detección e Alerta.

b) Mecanismos de Alarma.

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.

c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

d) Evacuación e/ou Confinamento.

e) Prestación das Primeiras Axudas.

f) Modos de recepción das Axudas externas.

## **DOCUMENTO IV: IMPLANTACIÓN**

### **Capítulo 7. Integración do plan de emerxencia noutros de ámbito superior.**

7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia

7.2 A coordinación entre a dirección do plan de emerxencia e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o plan de emerxencia.

7.3 As formas de colaboración da organización de emerxencia cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil.

### **Capítulo 8. Implantación do Plan de Emerxencia.**

8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.

8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Emerxencia.

8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Emerxencia.

8.4 Programa de información xeral para os usuarios.

8.5 Sinalización e normas para a actuación de visitantes.

8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

## **Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Emerxencia.**

9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

9.2 Programa de substitución de medios e recursos.

9.3 Programa de exercicios e simulacros.

9.4 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Emerxencia.

9.5 Programa de auditorías e inspeccións.

## **ANEXOS**

### **Anexo I. Directorio de comunicación.**

1. Teléfonos do Persoal de emerxencias.
2. Teléfonos de axuda exterior.
3. Outras formas de comunicación.

### **Anexo II. Formularios para a xestión de emerxencias.**

### **Anexo III. Planos**

## **DOCUMENTO I: INFORMACIÓN XERAL DO RISCO**

## CAPÍTULO 1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DO EMPRAZAMENTO DA ACTIVIDADE.

### 1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.

<b>Denominación</b>	ESAD Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
<b>Dirección postal</b>	Rúa Poza Cabalo s/n, Navia (San Paio)
<b>Localidade</b>	36212 Vigo, Pontevedra
<b>Teléfonos</b>	<b>Dirección:</b> 986137024 / 619910969 <b>Centraliña:</b> 986246399
<b>Fax</b>	986138075
<b>Correo electrónico</b>	<a href="mailto:esad.galicia@edu.xunta.gal">esad.galicia@edu.xunta.gal</a>
<b>Enderezo web</b>	<a href="http://www.esadgalicia.com">http://www.esadgalicia.com</a>

### 1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

<b>Xefe de Emerxencias</b>	<b>Director do Centro</b>
<b>Dirección</b>	Rúa Poza Cabalo s/n, Navia (San Paio)
<b>Localidade</b>	36212 Vigo
<b>Teléfonos</b>	986246399, extensión 21

<b>Xefe de intervención</b>	<b>Administración do Centro</b>
<b>Dirección</b>	Rúa Poza Cabalo s/n, Navia (San Paio)
<b>Localidade</b>	36212 Vigo
<b>Teléfonos</b>	986246399, extensión 27

## CAPÍTULO 2. DESCRIPCIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE.

### 2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.

<b>Actividade principal</b>	Estudios Superiores de Arte Dramática
<b>Niveis educativos</b>	Especialidade de Interpretación Textual e Xestual (4 cursos)
	Especialidade de Dirección de Escena e Dramaturxia (4 cursos)
	Especialidade de Escenografía (4 cursos)

### 2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.

A **ESAD Escola Superior de Arte Dramática** é un centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A parcela está situada na Rúa Poza Cabalo, no ámbito do Plan Parcial de San Paio de Navia, en Vigo, Pontevedra. Dita parcela resulta da división da parcela orixinal E4 de uso docente. A Súa superficie é de 8.500 m<sup>2</sup>, cunha fronte a Rúa Poza Cabalo de 63,3m e de forma trapezoidal e pendente dirección norte-sur

A actividade principal é a docencia nas diferentes especialidades que conforman os estudos Superiores de Arte Dramática, Interpretación, Dirección de Escena e Dramaturxia e Escenografía.

A idade do alumnado oscila desde un mínimo de 18 anos en diante (non hai límite superior) aínda que a maioría está comprendida na franxa 24 - 32 anos.

Tamén se dan actividades docentes enmarcadas na mellora da Formación Permanente dos Profesionais das Artes Escénicas, sexa daquelas persoas que se ocupan dun traballo cunha dimensión expresiva sexa dos que se ocupan dos aspectos técnicos ou de xestión, con idades superiores ás indicadas, (Escénika) co patrocino da AGADIC.

O horario de apertura do centro é o seguinte:

Datas	Horario
De 1 setembro a 15 de xullo	08:00h. - 21h.
De 16 xullo - 31 agosto	09:00h.- 14:00h.



Estes horarios poden variar segundo as necesidades do centro, tanto na distribución da docencia e actividades de exhibicións coma nos cursos de **Escénika**, Formación Permanente dos Profesionais das Artes Escénicas.

No momento de elaboración do plan, o centro encóntrase en estado de uso e consta da Fase 1 do proxecto.

A Fase 1 da ESAD é unha construción independente (cor laranxa do plano de situación). Accédese a nivel da praza central. Un muro cortina acristalado de cristal común introduce por un lado á cafetería do Centro e polo outro ao vestíbulo da ESAD. Neste andar de acceso sitúanse a zona de Administración e os distintos despachos e Departamentos. Sitúase o ascensor (para 8 persoas), servizos e aseos xerais, segundo o esquema que se repite nos andares baixo e primeiro.

No andar acceso están a Recepción, Administración, Despachos, Departamentos, Salas de Reunións, de Persoal, de Profesores e de Alumnos.

No andar semisoto, paralelo á fachada posterior, atópanse o cuarto de limpeza xeral, vestiarios de persoal e almacén de reserva de residuos. A outro lado do núcleo das escaleiras colócanse os vestiarios de profesorado e alumnado.

No andar baixo, a nivel perimetral, sitúanse as aulas de maior superficie e altura, aulas de expresión corporal, interpretación, dirección, etc. ademais dos obradoiros de caracterización (camerinos do teatro), de técnicas gráficas e do taller de técnicas escénicas, preto de onde se agarda a conexión coa fase 2 do proxecto (aínda sen data de inicio).

No primeiro andar están ás aulas teóricas e o obradoiro de vestiario (T11).

No segundo andar as aulas de expresión oral e canto, xunto coa biblioteca.

### 2.2.1 Datos do conxunto do Establecemento.

Edificio	Uso	Superficie	Situación	Características estruturais
FASE 1	Docente	6145,15 m <sup>2</sup>	Andares sobre rasante e andar semisoto con altura de evacuación	Resistencia ao fogo das paredes e teitos que delimitan o sector de incendio EI60 e EI120
FASE 2	Teatro		Sen Construír	
FASE 3	Docente		Sen Construír	

As características construtivas, as condicións xerais de deseño arquitectónico e os datos técnicos do edificio encóntranse recollidos no Libro Técnico do Edificio, en papel e CD, facilitado polo construtor e polo arquitecto da obra.

Ver: DT1, DT2, DT3, DT4, DT5, DT6, DT7, DT8, DT9, DT10, DT11, DT12.

### 2.2.2 Sectores de incendio.

Ao edificio que forma esta 1ª fase da Escola accedese a nivel da praza central situada a cota 29,70. Un muro cortina acristalado común introduce por un lado, á cafetería do Centro e por outro ao amplo vestíbulo da Escola.

Neste andar de acceso sitúase la zona de Administración e os distintos despachos e departamentos. Dous grandes ocos conectan esta planta coa baixa situada a cota inferior e a primeira (a cota superior) o corredor distribuidor volca sobre o vestíbulo xeral. Este andar conectase cara á fachada posterior coa escaleira xeral e cara ao sureste, convertese así nun elemento característico da circulación xeral do Centro. Nesta zona central do andar ubícanse ademais o ascensor (para 8 persoas), os ocos de instalacións e servizos e os aseos xerais, esquema que se repite nos andares baixo e primeira.

Na andar semisótano, sitúanse os servizos xerais do edificio: área de instalacións, cuarto de limpeza xeral con depósito de carros, vestiarios de persoal e almacén de reserva de residuos, conectado a través do montacargas de zona de cafetería, coa vía perimetral de servizo para facilitar a súa evacuación. Ao outro lado do núcleo de escadas colócanse os vestiarios xerais de profesores e de alumnos.

No andar baixo que queda ao nivel da vía perimetral e á mesma cota que o patio-xardín central sitúanse as aulas de maior superficie e altura: expresión corporal, interpretación, director de escena, etc... Algunhas destas aulas son escuras (para facilitar a iluminación artificial a modo de representación teatral). Neste andar sitúanse o taller e ao fondo do corredor cara ao norte onde producírase a conexión coa fase 2 da Escola. Dous pasadizos acristalados comunican esta planta baixa co volume interposto da sala polivalente que ocupa unha posición central na proposta. A un lado colócanse vestiarios e almacéns de apoio e detrás gradaría están os aseos do público.

Nos andares primeiro e segundo desenvolven: aulas teóricas no andar primeiro e aulas de expresión oral e canto xunto coa biblioteca no andar segundo. A biblioteca ocupa unha posición de privilexio no andar segundo volcada sobre o acceso ao edificio. Por último, o vestíbulo a dobre altura conta (no andar primeiro) cun amplo espazo perimetral de estancia e descanso e que dada a súa centralidade respecto ao acceso do edificio, é utilizado como balconada para os espectadores ante accións ou representacións que puideran ter lugar no vestíbulo do centro, relacionadas coas actividades propias do mesmo.

### 2.2.3 Superficies de cada planta ou sector.

Descrición detallada por andares das dependencias:

<b>SEMISOTO .....</b>	<b>625,90 m<sup>2</sup></b>
• Zona de escaleira .....	72,25 m <sup>2</sup>
• Distribuidor vestiario de alumnos .....	73,60 m <sup>2</sup>

- Vestiario de Alumnas ..... 76,60 m<sup>2</sup>
- Vestiario de Alumnos ..... 81,35 m<sup>2</sup>
- Vestiario de Profesores ..... 35 m<sup>2</sup>
- Vestiario de Profesoras ..... 35 m<sup>2</sup>
- Distribuidor de zona mantemento ..... 60,65 m<sup>2</sup>
- Cuarto de limpeza Xeral ..... 10,55 m<sup>2</sup>
- Espazo de recollida de residuos ..... 14,45 m<sup>2</sup>
- Vestiario Persoal de Mantemento (1) ..... 16,25 m<sup>2</sup>
- Vestiario Persoal de Mantemento (2) ..... 16 m<sup>2</sup>
- Zona Instalacións ..... 134,20 m<sup>2</sup>
  - vestíbulo distribuidor ..... 16,60 m<sup>2</sup>
  - cadros eléctricos ..... 12,25 m<sup>2</sup>
  - grupo electrógeno ..... 25,70 m<sup>2</sup>
  - cuarto transformación ..... 12,25 m<sup>2</sup>
  - fontanería - grupo incendios ..... 7,40 m<sup>2</sup>
  - produción ACS e circuío calor ..... 39,45 m<sup>2</sup>
  - caldeiras ..... 1,40+19,15 m<sup>2</sup>

**BAIXO ..... 1994,70 m<sup>2</sup>**

- Zona de escaleira ..... 54,60 m<sup>2</sup>
- Circulacións (203,85 + 76,70) ..... 280,55 m<sup>2</sup>
- Aula Interpretación 1 (P3) ..... 94,35 m<sup>2</sup>
- Aula Interpretación 2 (P4) ..... 96,65 m<sup>2</sup>
- Aula Interpretación 3 (P5) ..... 89 m<sup>2</sup>
- Aula Expresión Corporal 1 (P6) ..... 89 m<sup>2</sup>
- Aula Expresión Corporal 2 (P7) ..... 89,70 m<sup>2</sup>
- Aula Interpretación 4 (P8) ..... 89,70 m<sup>2</sup>
- Aula Interpretación 5 (P9) ..... 89,70 m<sup>2</sup>
- Aula de Danza (P10) ..... 89,70 m<sup>2</sup>
- Aseos Homes ..... 21,70 m<sup>2</sup>
- Aseos Mulleres ..... 20,40 m<sup>2</sup>
- Aula Técnica Gráficas (P11) ..... 73,15 m<sup>2</sup>
- Aula Almacén do taller (P12) ..... 43,10 m<sup>2</sup>
- Aula Espazo Escénico (P13) ..... 55,50 m<sup>2</sup>
- Aula Taller Técnicas Escénicas (P1) ..... 89 m<sup>2</sup>
- Aula Dirección Escena (P2) ..... 87,65 m<sup>2</sup>

**Zona de Usos Múltiples (Sala Manuel Vieites)**

- Circulación Usos Múltiples ..... 48,90 m<sup>2</sup>
- Vestiarios – Camerino Homes ..... 53,60 m<sup>2</sup>
- Vestiarios – Camerino Mulleres ..... 53,60 m<sup>2</sup>
- Almacén 1 ..... 37,20 m<sup>2</sup>
- Almacén 2 ..... 24,70 m<sup>2</sup>
- Distribuidor Escena 1 ..... 11,90 m<sup>2</sup>
- Distribuidor Escena 2 ..... 11,90 m<sup>2</sup>

- Zona Escenario ..... 65,80 m<sup>2</sup>
- Zona Público (butacas) ..... 187,60 m<sup>2</sup>
- Distribuidor Aseo Homes ..... 5,45 m<sup>2</sup>
- Aseo Homes ..... 18,70 m<sup>2</sup>
- Distribuidor Aseo Mulleres ..... 5,45 m<sup>2</sup>
- Aseo Mulleres ..... 13,95 m<sup>2</sup>
- Cuarto Limpeza ..... 2,50 m<sup>2</sup>

**ACCESO..... 1424,75 m<sup>2</sup>**

- Cafetería
  - Zona Público ..... 122,70 m<sup>2</sup>
  - Zona Barra ..... 29,25 m<sup>2</sup>
  - Distribuidor ..... 2,55 m<sup>2</sup>
  - Cocina ..... 24,15 m<sup>2</sup>
  - Vestíbulo ..... 3,25 m<sup>2</sup>
  - Cámaras 1-2 (4,35+2,75) ..... 7,10 m<sup>2</sup>
  - Despensa ..... 5,90 m<sup>2</sup>
  - Local persoal ..... 5,05 m<sup>2</sup>
  - Aseo ..... 21,20 m<sup>2</sup>
- Vestíbulo ..... 134,5 m<sup>2</sup>
- Conserxería ..... 15,15 m<sup>2</sup>
- Zona de Distribución ..... 25,70 m<sup>2</sup>
- Vicedirección ..... 15,65 m<sup>2</sup>
- Dirección ..... 20,75 m<sup>2</sup>
- Sala de Xuntas da Dirección ..... 15,65 m<sup>2</sup>
- Aseo de Profesores ..... 13,40 m<sup>2</sup>
- Zona escaleiras ..... 56,15 m<sup>2</sup>
- Cuarto Limpeza ..... 2,90 m<sup>2</sup>
- Aseo Homes ..... 17,40 m<sup>2</sup>
- Aseo Mulleres ..... 16 m<sup>2</sup>
- Arquivo ..... 22,40 m<sup>2</sup>
- Vicedirección ..... 15,65 m<sup>2</sup>
- Xefatura de Estudos. .... 15,65 m<sup>2</sup>
- Secretaria ..... 15,65 m<sup>2</sup>
- Producción ..... 15,65 m<sup>2</sup>
- Sala de Xuntas ..... 42 m<sup>2</sup>
- Delegación de alumnos ..... 42 m<sup>2</sup>
- Dpto. Escenografía ..... 42 m<sup>2</sup>
- Calidade, Dinamización lingüística, Mobilidade e transición ..... 42,25 m<sup>2</sup>
- Sala de Persoal Administración e Servizos. .... 16 m<sup>2</sup>
- Sala de Profesorado ..... 76,65 m<sup>2</sup>
- Departamento 1:
  - Dpto. Dirección escénica e Dramaturxia. (D1) ..... 41,50 m<sup>2</sup>
- Departamento 2:
  - Dpto. Interpretación:
    - Movemento, Danza, Música e Canto (D2) ..... 41,50 m<sup>2</sup>

- Departamento 3:  
Dpto. Interpretación: Interpretación e Voz (D3) ..... 41,50 m<sup>2</sup>
- Departamento 4:  
Dpto. Teoría e Historia das Artes Escénicas (D4) ..... 41,50 m<sup>2</sup>
- Sala de Alumnado ..... 42,15 m<sup>2</sup>
- Despacho Administración ..... 15,75 m<sup>2</sup>
- RAC ..... 4,55 m<sup>2</sup>
- Zona de Administración ..... 48,60 m<sup>2</sup>
- Circulación ..... 223,50 m<sup>2</sup>

**PRIMEIRO..... 904,20 m<sup>2</sup>**

- Zona Escaleira ..... 70,15 m<sup>2</sup>
- Circulacións ..... 264,15 m<sup>2</sup>
- Cuarto limpeza ..... 2,50 m<sup>2</sup>
- Sala Informática: T1 ..... 30,90 m<sup>2</sup>
- Aulas Teóricas: T2, T3, T4 ..... 156,45 m<sup>2</sup>
- Aseos Homes ..... 21,70 m<sup>2</sup>
- Aseos Mulleres ..... 20,45 m<sup>2</sup>
- Aulas Teóricas:  
T5, T6, T7, T8, T9, T10, T11 (Indumentaria), (7 unidades, 26m<sup>2</sup>) ..... 252 m<sup>2</sup>
- Aulas Teóricas:  
T12, T13 (30,90+35,95) ..... 86,85 m<sup>2</sup>

**SEGUNDA..... 519,65 m<sup>2</sup>**

- Zona Escaleira ..... 37,20 m<sup>2</sup>
- Circulación ..... 58,80 m<sup>2</sup>
- Cuarto Limpeza ..... 2,50 m<sup>2</sup>
- Biblioteca
  - Distribuidor ..... 14,20 m<sup>2</sup>
  - Zona préstamo..... 9,40 m<sup>2</sup>
  - Arquivo ..... 11,10 m<sup>2</sup>
  - Videoteca ..... 21,95 m<sup>2</sup>
  - Zona lectura ..... 181,05 m<sup>2</sup>
- Aula Voz 1 (P14) ..... 50,35 m<sup>2</sup>
- Aula Voz 2 (P15) ..... 50,55 m<sup>2</sup>
- Aula Música e Canto 1 (P16) ..... 41,30 m<sup>2</sup>
- Aula Música e Canto 2 (P17) ..... 41,20 m<sup>2</sup>

**TOTAL DE SUPERFICIE ÚTIL: 5469,20 m<sup>2</sup>**

**TOTAL DE SUPERFICIE CONSTRÚIDA: 6145,15 m<sup>2</sup>**

## 2.2.4 Vías de evacuación.

ANDAR	Tipo Porta	Onde Sae
<b>SEMISOTO</b>	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Sudeste, polo portón de acceso ao Teatro.
<b>BAIXO</b>	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Suroeste, cara a fachada posterior
	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Noroeste, cara ao anfiteatro
	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Noroeste, cara ao anfiteatro
	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Nordeste, cara ao Portón de acceso ao Teatro
<b>ACCESO</b>	Porta Principal de dobre folla	Saída Noroeste cara á Praza central acceso ao centro
	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Suroeste, cara á fachada posterior
<b>PRIMEIRO</b>	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Suroeste, cara á fachada posterior
	Escaleiras, Porta principal	Saída Noroeste cara á Praza central acceso ao centro
<b>SEGUNDO</b>	Porta de dobre folla con barra antipánico	Saída Suroeste, cara á fachada posterior
	Escaleiras, Porta principal	Saída Noroeste cara á Praza central acceso ao centro

## Vías de Evacuación Horizontais

Características	Pasillo 1	Pasillo 2
<b>Emprazamento</b>	Andar Semisoto	Andar Baixo
<b>Clasificación</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo	<input checked="" type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo
<b>Lonxitude</b>	< 25 m.	< 50 m.
<b>Anchura vías</b>	< 2m.	< 5 m.
<b>Alumeado de emerxencia</b>	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
<b>Alumeado de sinalización</b>	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO

Características	Pasillo 3
Emprazamento	Andar ACCESO
Clasificación	<input checked="" type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo
Lonxitude	< 50 m.
Anchura vías	< 5 m.
Alumeado de emerxencia	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
Alumeado de sinalización	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO

Características	Pasillo 4	Pasillo 5
Emprazamento	Andar 1º	Andar 2º
Clasificación	<input checked="" type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo	<input checked="" type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo
Lonxitude	< 25 m.	< 25 m.
Anchura vías	< 2m.	< 2m.
Alumeado de emerxencia	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
Alumeado de sinalización	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO

#### Vías de Evacuación Verticais

Características	Escaleira 1	Escaleira 2
Emprazamento	Interior/protexida	Exterior/aberta
Clasificación	<input checked="" type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo	<input type="checkbox"/> Principal <input checked="" type="checkbox"/> Alternativo
Tipo	<input checked="" type="checkbox"/> Cerrada <input type="checkbox"/> Exterior	<input type="checkbox"/> Cerrada <input checked="" type="checkbox"/> Exterior
Lonxitude	13,60 m.	< 14 m.
Anchura vías	1,90 m. En cada tramo	1 m. En cada tramo
Posúe vestíbulos	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
Alumeado de emerxencia	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO
Alumeado de sinalización	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO

### 2.3 Clasificación e descrición de usuarios.

Pódese prever no centro unha ocupación real que está formada por:

Edificio	Profesores	Alumnos	Outros	Total
Fase 1	39	177	4 Conserxes + 3 Limpeza + 2 Administración	225

### 2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

Se trata da parcela situada en Rúa Poza Cabalo, no ámbito do Plan Parcial de San Paio de Navia, en Vigo, Pontevedra. Dita parcela resulta da división da parcela orixinal E4 de uso docente.

#### 2.4.1 Datos da contorna.

Establecemento emprazado en
<input checked="" type="checkbox"/> Entorno urbano
<input type="checkbox"/> Polígono industrial
Entorno natural:
<input type="checkbox"/> Zona de cultivo
<input type="checkbox"/> Zona forestal

#### 2.4.2 Usos de edificios lindeiros.

Edificio	Emprazamento	Uso principal	Outros datos
<b>ALENTA. Asociación de Dano Cerebral de Vigo</b>	Parcela colindante	Centro terapéutico de día e Residencia.	<a href="http://www.alento.org">http://www.alento.org</a>
<b>CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao</b>	Parcela colindante	Docente. Centro de Educación Infantil e Primaria	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfonsorodri-guezcstelao/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfonsorodri-guezcstelao/</a>



### 2.4.3 Locais potencialmente perigosos da contorna.

Ningún.

## 2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.

### 2.5.1 Accesos.

Os accesos á parcela tanto para peóns como para automóbiles e exclusivamente pola Rúa Poza Cabalo



### 2.5.2 Sentidos de circulación.

A rúa Poza Cabalo é de dobre sentido, cunha vía de subida e outra de baixada cunha mediana entre ambos sentidos, cara a rúa Teixugueiras no extremo inferior e cara á rúa Pedra Seixa noutro extremo e con dúas rotondas en ámbolos dous extremos da rúas.

### **2.5.3 Accesibilidade de vehículos pesados.**

Para o acceso dos vehículos pesados, o establecemento: ten accesibilidade porque o autobús urbano circula pola rúa Poza Cabalo sen obstáculos, e os camións de reparto e mantemento entran sen dificultade. Ademais non teñen dificultades nos xiros xa que o centro posúe dúas vías de entrada/saída unidas por unha calzada asfaltada que rodea o edificio.

## CAPÍTULO 3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS.

**3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.**

### 3.1.1 Instalacións propias do edificio.

Facer unha descrición rigorosa axudará de maneira decisiva tanto na avaliación do risco como durante a Emerxencia.

Débense estudar as instalacións propias do edificio porque, en principio, son as que poden orixinar unha emerxencia. Se estas instalacións teñen todas as medidas de protección propia de cada instalación e se fai un bo mantemento, diminuiranse ou eliminarán unha gran parte das emerxencias producidas por elas.

Instalación	Característica específicas da instalación
Fontanería	Ver DT1, DT10, DT11, DT12
Saneamento	Ver DT1, DT10, DT11, DT12
Electricidades	Ver DT1, DT10, DT11, DT12
Caldeiras	Ver DT1, DT10, DT11, DT12
Telefonía	Ver DT1, DT10, DT11, DT12
Seguridade	Ver DT1, DT10, DT11, DT12
Climatización	Ver DT1, DT10, DT11, DT12
Ascensor	Ver DT1, DT10, DT11, DT12 Posúe un para 8 persoas. Comunica todos os andares do Edificio. Marca ENOR. Precisa chave para funcionar. Destinado a discapitados.

Situación de chave de cortes xerais	
Auga	Zona Instalacións, no semisoto do edificio
Electricidade	Zona Instalacións, no semisoto do edificio
Gas	Zona Instalacións, no semisoto do edificio

### 3.1.1.1 Electricidade.

A instalación eléctrica debe cumprir o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e normas complementarias que o desenvolven.

<b>Fonte de subministración</b>	<input type="checkbox"/> xeración propia <input checked="" type="checkbox"/> compañía
<b>Potencia xerada ou contratada</b>	<b>KW/h</b>
<b>Emprazamento do cadro xeral</b>	<b>Semisoto do Edificio</b>
<b>Emprazamento dos cadros de zonas</b>	<b>Zona de instalacións do Edificio</b>

A rede da que se alimenta o centro de transformación é de tipo subterráneo, cunha tensión de 12/20 kV, nivel de illamento de 24 kV, e unha frecuencia de 50 Hz.

A potencia de cortocircuíto máxima da rede de alimentación é de 500 MVA, segundo datos proporcionados por la Compañía subministradora (FENOSA). A liña de media tensión que chega ata o centro de transformación ten unha lonxitude de 165 m, dende a unión coa rede de alimentación existente. Esta liña estará composta por cables de aluminio de 3x95 mm<sup>2</sup> baixo tubo de 160 mm<sup>2</sup>, un por fase.

As celas contan cun dispositivo de evacuación de gases que, en caso de arco interno, permite a súa saída cara a parte traseira da cela, evitando así a súa incidencia sobre as persoas.

Os interruptores teñen tres posicións: conectados, seccionados e postos a terra. Os mandos de actuación son accesibles dende a parte frontal, podendo ser accionados de forma manual ou motorizada.

Nas celas de protección, os fusibles móntanse sobre uns carros que se introducen nos tubos porta fusibles de resina illante, que son perfectamente estancos respecto do gas e do exterior. O disparo prodúcese por fusión dun dos fusibles ou cando a presión interior dos tubos porta fusibles elévese, ou debido a un fallo nos fusibles por quecemento excesivo destes.

### 3.1.1.2 Calefacción.

Caldeira de baixa temperatura de aceiro, con queimador modúlante de gas natural, potencia de 440 kW, que resulta suficiente para cubrir as cargas térmicas do edificio, ventilación e de produción de ACS.

Caldeira de aceiro conforme a CE-0085 AQ 0846, para funcionamentos a baixa temperatura, cun rendemento estacional de 94%, caldeira de tres pasos de fume con baixa carga da cámara de combustión, fogar rodeado homoxeneamente por auga, illamento térmico axustado ao corpo de caldeira, con mínimo de 5 anos de garantía do corpo de caldeira.

Dimensións: lonxitude 1900 mm, anchura total 1025 mm e altura 1705 mm. Toma de saída de fume D. 250 mm, peso 1389 Kg.

As características da caldeira que convén apuntar son:

<b>Combustible</b>	<b>Gasóleo</b>
<b>Situación</b>	<b>Semisoto do Edificio</b>

Sobre o depósito de almacenamento de combustible:

<b>Tipo de combustible</b>	<b>Gasóleo</b>
<b>Uso</b>	<input checked="" type="checkbox"/> calefacción <input checked="" type="checkbox"/> auga quente
<b>Tanque</b>	<input type="checkbox"/> aéreo <input checked="" type="checkbox"/> enterrado
<b>Capacidade</b>	m <sup>3</sup>
<b>Emprazamento</b>	<b>Semisoto do Edificio</b>

### 3.1.2 Laboratorios e Talleres

Aula práctica de escenografía, con maquinarias de corte, e construción escenográfica.

<b>Local</b>	<b>Emprazamento</b>	<b>Risco</b>
<b>P1</b>	<b>Baixo</b>	<b>Medio (dependendo das ferramentas de construción escenográfica)</b>

### 3.2 Cadro de locais de risco especial segundo o C.T.E.

<b>Local</b>	<b>Nivel de risco</b>	<b>Emprazamento</b>
<b>Vestuarios e Camerinos e</b>	<b>Baixo</b>	<b>Baixo</b>
<b>Sala de Caldeira</b>	<b>Medio</b>	<b>Semisoto</b>
<b>Contadores de Electricidade</b>	<b>Baixo</b>	<b>Semisoto</b>
<b>Cuarto de transformación</b>	<b>Baixo</b>	<b>Semisoto</b>

## **DOCUMENTO II: MEDIOS DE PROTECCIÓN**

## CAPÍTULO 4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE EMERXENCIA.

**4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.**

### **4.1.1 Medios materiais: Instalacións de Protección.**

Extintores portátiles.

En xeral os extintores serán de po ABC polivalente, de eficacia 21A-113B, excepto na zona de cuartos técnicos de Grupo Electrónico, Centro de Transformación e Cadro Xeral, do andar semisoto, no que está instalado un extintor de 6 kg de CO<sub>2</sub>, nas proximidades dos tres locais.

Bocas de incendio equipadas.

De acordo a NBE-CPI/96, é necesaria dado que a superficie do centro é superior a 2.000 m<sup>2</sup>.

A rede comeza coa instalación duna acometida independente para incendios, instalando un contador de clase A de DN65, que estará situado no armario de contadores de auga, na fachada do andar semisoto e andar baixo.

As BIE's son de tipo armario mixto de BIE + extintor con módulo de alarma. As BIE's son de 25 mm, que son as máis adecuadas para ser utilizadas por persoas non adestradas para utilizar dispositivos contra incendios.

#### **4.1.1.1 Detección automática.**

O DB SI establece que deben contar con esta instalación:

No edificio e necesaria a dotación desta instalación, por ser un recinto dedicado a uso docente con superficie construída de máis de 6.000 m<sup>2</sup>. O sistema de detección automática de incendios proxectado ten como obxectivo notificar con suficiente antelación e eficacia o inicio dun incendio.

<b>Uso previsto do edificio ou condiciones establecemento</b>	
<b>Residencial público</b>	<b>Se a superficie construída excede de 500 m<sup>2</sup>.</b>
<b>Docente</b>	<b>Se a superficie construída excede de 2.000 m<sup>2</sup>, detectores en zonas de risco alto conforme ao capítulo 2 da Sección 1 de este DB. Si excede de 5.000 m<sup>2</sup>, en todo o edificio.</b>

O sistema disporá ao menos de detectores de incendio.

#### 4.1.1.2 Instalación de alarma.

Segundo o Regulamento 1942/93, os sistemas manuais de alarma de incendios están constituídos por un conxunto de poxadores e unha central de control e sinalización.

Debe ter dúas fontes de alimentación. A distancia a percorrer desde calquera punto até un poxador non superará os 25 metros.

O DB SI establece que deben contar con esta instalación os establecementos e zonas destinadas aos usos seguintes:

<b>Uso previsto do edificio ou condicións do establecemento</b>	
<b>Residencial público</b>	<b>Si a superficie construída excede de 500 m<sup>2</sup>.</b>
<b>Docente</b>	<b>Si a superficie construída excede de 1.000 m<sup>2</sup>.</b>

No estudo desta instalación anotarase:

- Localización dos poxadores de alarma.
- Cobertura, localización e alcance do sistema de comunicación de alarma.
- Características e cobertura da instalación de megafonía.

<b>Cobertura da megafonía</b>	<b>Non hai megafonía no centro</b>
<b>Cobertura da serea</b>	<b>Todo o centro</b>
<b>Cobertura do timbre</b>	<b>Todo o centro</b>
<b>Emprazamento dos poxadores</b>	<b>Nas 6 portas de saída de emerxencia</b>
	<b>Nos BIE situados por todo o centro</b>

#### 4.1.1.3 Instalacións fixas de extinción.

Nas instalacións fixas de extinción faise unha clasificación de extinción polo axente extintor: auga, axentes extintores gaseosos, espumas e po.

O DB SI non fai distinción entre os diferentes tipos de axentes extintores para as instalacións fixas. Establece cando hai que ter esta instalación e o axente extintor estará determinado polo que se pretenda protexer. Deben contar con esta instalación os establecementos e zonas destinadas aos usos seguintes:



<b>Uso previsto do edificio</b>	
<b>En xeral</b>	<p>Salvo outra indicación en relación co uso, en todo edificio cuxa altura de evacuación exceda de 80 m.</p> <p>En cociñas nas que a potencia instalada exceda de 20 kW en uso Hospitalario o Residencial Público, ou de 50 kW en calquera outro uso (5)</p> <p>En centros de transformación cuxos aparatos teñan illamento dieléctrico con punto de inflamación menor que 300 °C e potencia instalada maior que 1.000 kVA en cada aparato o maior que 4.000 kVA no conxunto dos aparatos. Si o centro está integrado nun edificio de uso de Pública Concorrenca e ten acceso desde o interior do edificio, dichas potencias son 630 kVA y 2.520 kVA respectivamente.</p>
<b>Residencial publico</b>	<p>Se a altura de evacuación excede de 28 m ou a superficie construída do establecemento excede de 5.000 m<sup>2</sup>.</p>

(5) Para a determinación da potencia instalada só se considerarán os aparellos destinados á preparación de alimentos. As fritadeiras e as tixolas computaranse a razón de 1 kW por cada litro de capacidade, independentemente da potencia que teñan. A eficacia do sistema debe quedar asegurada tendo en conta a actuación do sistema de extracción de fumes.

#### **4.1.1.4 Bocas de Incendio Equipadas.**

Segundo o Regulamento 1942/93, o sistema de Bocas de Incendio Equipadas consta dunha fonte de abastecemento, dunha rede de tubaxes e as bocas de incendio equipadas (B I E). Establece a súa situación a cinco metros da saída como máximo, e número e distribución de tal forma que toda a área a protexer quede cuberta por unha BIE. Igualmente establece as hipóteses de cálculo e as probas de presión.

O DB se establece que deben contar con esta instalación os establecementos e zonas destinadas aos usos seguintes:

<b>Uso previsto do edificio ou condicións do establecemento</b>	
<b>En xeral</b>	<b>En zonas de risco especial alto, conforme ao capítulo 2 da Sección SI 1, nas que o risco débese principalmente a materias combustibles sólidas</b>
<b>Residencial público</b>	<b>Se a superficie construída excede de 1000 m<sup>2</sup>. ou o establecemento está previsto para dar aloxamento a mais de 50 persoas.</b>
<b>Docente</b>	<b>Se a superficie construída excede de 2.000 m<sup>2</sup>.</b>

As bocas de incendio equipadas están compostas por:

- Armario de chapa metálica.
- Debandoira coa manguera enrolada.
- Válvula de corte.
- Manómetro.
- Lanza de tres efectos e pinza para lanza.
- Manguera de 20 m., sendo planas de 45 mm. de diámetro.

De cada unha das BIE indicárase:

- Tipo de BIE 45 mm.
- Diámetro da tubaxe.
- Lonxitude da manguera.
- Tipo lanza instalada.
- Localización no establecemento

<b>Numero</b>	<b>Tipo</b>	<b>Lonxitude manguera</b>	<b>Emprazamento</b>
<b>1</b>	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Semisoto: Corredor entre vestiario de alumnas e alumnos
<b>2</b>	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Semisoto: Corredor entre Sala de máquinas e caldeiras

3	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Baixo: Distribuidor a carón do Teatro
4	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Baixo: Corredor entre P12 e corredor de acceso aos camerinos do Teatro
5	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Baixo: Corredor fronte P10
6	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Baixo: Onda a Porta con alarma saída Suroeste
7	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Sala Manuel F. Vieites: Corredor acceso camerino Mulleres
8	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Sala Manuel F. Vieites: No Teatro, corredor onda porta acceso
9	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Acceso: Distribuidor principal, a carón da porta de entrada
10	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Acceso: Corredor a carón da Porta do Despacho Secretaría
11	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Acceso: Corredor a carón da Sala de PAS
12	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Primeiro: Onda a escaleira
13	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Primeiro: Corredor fronte T1
14	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Primeiro: Corredor entre T6 e T7
15	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Primeiro: A carón da Porta con alarma saída Suroeste
16	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Segundo: A carón da porta de acceso á Biblioteca
17	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	Segundo: A carón da Porta con alarma saída Suroeste
18	Extintor 6 kg Po ABC	BIE 45 m.	

#### 4.1.1.5 Extintores.

Segundo o Regulamento 1942/93, os extintores de incendio axustaranse ao establecido no Regulamento de aparellos a presión e á súa instrución técnica complementaria MIE-AP5. Serán facilmente visibles e accesibles e estarán próximos aos puntos de risco.

O DB SI establece que deben contar con esta instalación os establecementos e zonas destinadas aos usos seguintes:

<b>Uso previsto do edificio ou condicións do establecemento</b>	
<b>En xeral</b>	<b>Un de eficacia 21A -113B:</b> - Cada 15 m de percorrido en cada planta, como máximo, dende toda orixe de evacuación. - Nas zonas de risco especial conforme ao capítulo 2 da Sección 1 (1) de este DB.

(1) Un extintor no exterior do local ou da zona e próximo á porta de acceso, o cal poderá servir simultaneamente a varios locais ou zonas. No interior do local ou da zona instalaranse ademais os extintores necesarios para que o percorrido real até algún deles, incluído o situado no exterior, non sexa maior que 15 m en locais de risco especial medio ou baixo, ou que 10 m en locais ou zonas de risco especial alto.

A clasificación dos extintores pode facerse de diversas formas. Vanse clasificar pola carga, o axente extintor e a eficacia.

### **CLASIFICACIÓN SEGUNDO A CARGA**

En función da mesma divídense en portátiles e sobre rodas.

#### Extintores portátiles

O seu peso máximo debe ser igual ou inferior a 23 Kg. Esta definición corresponde aos extintores portátiles MANUAIS.

Tamén se utilizou un tipo de extintor portátil con peso inferior a 30 Kg. Cun arreo para levar suspendido ás costas. Son os extintores portátiles DORSAIS.

#### Extintores sobre rodas

Son aqueles extintores que, polo seu peso, están dotados de rodas para poder desprazalos sobre o chan, ben por unha ou varias persoas, ben remolcados.

### **CLASIFICACIÓN SEGUNDO O AXENTE EXTINTOR**

Pódense clasificar como extintores de:

1. Auga: poderá levar ou non aditivos e o seu sistema de proxección pode ser a barullo ou \*pulverizada.
2. Espuma: poderá ser física ou química.

3. Po: pode ser á súa vez de:

- Po convencional (BC)
- Po polivalente (ABC)
- Po especial para metais (D)

4. Anhídrido carbónico (CO<sub>2</sub>)

### CLASIFICACIÓN SEGUNDO A EFICACIA

Dun tempo para acá xa non se fala de extintores de tantos quilos, senón de extintores de tal ou cal eficacia.

A eficacia determínase por un número ou unha letra. Ambos conxuntamente definen o lume TIPO que é capaz de extinguir un determinado extintor. O NÚMERO indica a cantidade de combustible utilizado no lume tipo e a LETRA é o tipo de combustible empregado no fogar tipo.

Na relación de extintores do establecemento hase de considerar:

- O axente extintor.
- A eficacia.
- O número de identificación do extintor.
- A localización.

Número	Axente extintor	Eficacia	Nº de placa	Emprazamento
1	Extintor 6 kg Po ABC			Semisoto: Entrada corredor vestiarios
2	Extintor 6 kg Po ABC			Semisoto: Corredor entre vestuario de profesoras e almacén
3	Extintor CO <sub>2</sub> 5kg (89) Extintor 6 kg Po ABC			Semisoto: Corredor a carón das caldeiras
4	Extintor 6 kg Po ABC			Semisoto: Corredor a carón do cuarto da lavadora e do Almacén
5	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P11, a carón da porta
6	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Onda a Porta con alarma saída Nordeste
7	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P1, a carón da porta
8	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P2, a carón da porta

<b>9</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P10, a carón da porta
<b>10</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P9, a carón da porta
<b>11</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P8, a carón da porta
<b>12</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P7, a carón da porta
<b>13</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P6, a carón da porta
<b>14</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P5, a carón da porta
<b>15</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P4, a carón da porta
<b>16</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Corredor a carón da P4
<b>17</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Baixo: Aula P3, a carón da porta
<b>18</b>	3 Extintores 6kg Po ABC			Sala Manuel F. Vieites: Escenario (nas esquinas)
<b>19</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Sala Manuel F. Vieites: Corredor acceso camerino Homes onda cadro de luces
<b>20</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Sala Manuel F. Vieites: No teatro, na porta da cabina de control luz e son
<b>21</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Sala Manuel F. Vieites: No Teatro, corredor onda porta emerxencia con alarma saída Noroeste
<b>22</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Acceso: Corredor a entrada dos despachos de dirección
<b>23</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Acceso: Corredor a carón do D4 fronte á Sala de xuntas
<b>24</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Acceso: Corredor a carón do D2 fronte a S1
<b>25</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Primeiro: Corredor entre T2 e T3
<b>26</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Primeiro: Corredor a carón dos aseos
<b>27</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Primeiro: Corredor entre T9 e T10
<b>28</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Segundo: Na Biblioteca a carón da porta de acceso

<b>29</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Segundo: Na Biblioteca a carón dos estantes
<b>30</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Segundo: Corredor acceso ás Aulas
<b>31</b>	Extintor 6 kg Po ABC			Segundo: Corredor entre P14 e P15

Segundo o criterio do sentido común, a localización de extintores farase:

- Próximos aos lugares de risco.
- Nas entradas ou saídas dos recintos de risco.
- Con fácil visibilidade.
- Con fácil acceso (a parte superior do extintor NON debe estar a máis de 1'70 m do chan).
- Protexidos dos ambientes agresivos.

#### **4.1.1.6 Iluminación de emerxencia.**

Segundo o CTE, os edificios disporán dunha iluminación de emerxencia que, en caso de fallo da iluminación normal, reforce a iluminación necesaria para facilitar a visibilidade aos usuarios de maneira que poidan abandonar o edificio, evite as situacións de pánico e permita a visión dos sinais indicativos das saídas e a situación dos equipos e medios de protección existentes.

Expresamente establece o seguinte:

#### **Dotación**

Contarán con iluminación de emerxencia as zonas e os elementos seguintes:

- a) todo recinto cunha ocupación maior que 100 persoas;
- b) todo percorrido de evacuación, conforme estes defínense no Anexo A do DB SI.
- c) os aparcadoiros pechados ou cubertos cuxa superficie construída exceda de 100 m<sup>2</sup>, incluídos os corredores e as escaleiras que conduzan ata o exterior ou ata as zonas xerais do edificio;
- d) os locais que alberguen equipos xerais das instalacións de protección contra incendios e os de riscos especiais indicados en DB-SI 1;
- e) os aseos xerais de planta en edificios de uso público;

- f) os lugares nos que se sitúan cadros de distribución ou de funcionamento da instalación de iluminación das zonas antes citadas;
- g) os sinais de seguridade.

### **Posición e características das luminarias**

Co fin de proporcionar unha iluminación adecuada as luminarias cumprirán as seguintes condicións:

- a) situaranse polo menos a 2 m por encima do nivel do chan;
- b) disporase unha en cada porta de saída e en posicións nas que sexa necesario destacar un perigo potencial ou o emprazamento dun equipo de seguridade. Como mínimo disporanse nos seguintes puntos:
  - nas portas existentes nos percorridos de evacuación;
  - nas escaleiras, de modo que cada tramo de escaleiras reciba iluminación directa;
  - en calquera outro cambio de nivel;
  - nos cambios de dirección e nas interseccións de corredores;

### **Características da instalación**

1. A instalación será fixa, estará provista de fonte propia de enerxía e debe entrar automaticamente en funcionamento ao producirse un fallo de alimentación na instalación de iluminación normal nas zonas cubertas pola iluminación de emerxencia. Considérase como fallo de alimentación o descenso da tensión de alimentación por baixo do 70 % do seu valor nominal.
2. A iluminación de emerxencia das vías de evacuación debe alcanzar polo menos o 50% do nivel de iluminación requirido ao cabo dos 5 s e o 100 % ao 60 s.
3. A instalación cumprirá as condicións de servizo que se indican a continuación durante unha hora, como mínimo, a partir do instante en que teña lugar o fallo:



- a) Nas vías de evacuación cuxa anchura non exceda de 2 m, a iluminación horizontal no chan debe ser, como mínimo, 1 lux ao longo do eixo central e 0,5 lux na banda central que comprende polo menos a metade da anchura da vía. As vías de evacuación con anchura superior a 2 m poden ser tratadas como varias bandas de 2 m de anchura, como máximo.
- b) Nos puntos nos que estean situados os equipos de seguridade, as instalacións de protección contra incendios de utilización manual e os cadros de distribución da iluminación, a iluminación horizontal será de 5 Lux, como mínimo.
- c) Ao longo da liña central dunha vía de evacuación, a relación entre a iluminación máxima e a mínima non debe ser maior que 40:1.
- d) Os niveis de iluminación establecidos deben obterse considerando nulo o factor de reflexión sobre paredes e teitos e contemplando un factor de mantemento que englobe a redución do rendemento luminoso debido á sucidade das luminarias e ao envellecemento das lámpadas.
- e) Co fin de identificar as cores de seguridade dos sinais, o valor mínimo do índice de rendemento cromático Ra das lámpadas será 40.

### **Iluminación dos sinais de seguridade**

1. A iluminación dos sinais de evacuación indicativas das saídas e dos sinais indicativos dos medios manuais de protección contra incendios e dos de primeiros auxilios, deben cumprir os seguintes requisitos:
  - a) a luminaria de calquera área de cor de seguridade do sinal debe ser polo menos de 2 cd/m<sup>2</sup> en todas as direccións de visión importantes;
  - b) a relación da luminaria máxima á mínima dentro da cor branca ou de seguridade non debe ser maior de 10:1, debéndose evitar variacións importantes entre puntos adxacentes;
  - c) a relación entre a luminaria Lbranca, e a luminaria Lcolor >10, non será menor que 5:1 nin maior que 15:1.
  - d) os sinais de seguridade deben estar iluminadas polo menos ao 50 % da luminaria requirida, ao cabo de 5 s, e ao 100 % ao cabo de 60 s.

Igual que se indicaba cos extintores, o sentido común di que hai que situar aparellos de iluminación de emerxencia en:

- Próximo a todas as interseccións.

- Encima das portas de saída.
- Próximo a todos os cambios de dirección.
- Nas escaleiras e circulacións.
- Próximo a calquera cambio de nivel do chan.
- Próximo ás alarmas contra incendios.
- Próximo aos equipos de extinción.
- Encima das saídas de emerxencia.
- Xunto ao cadro xeral de iluminación

#### **4.1.2 Medios humanos do Establecemento.**

As persoas que participan na emerxencia constitúen a Brigada de Emerxencias e está formada por:

- Xunta de emerxencia escolar
- X. E., Xefe de Emerxencias.
- X. I., Xefe de Intervención.
- E. A. E., Equipo de Alarma e Evacuación.
- E. P. A., Equipo de Primeiros Auxilios.
- E. P. I., Equipo de Primeira Intervención.

##### **4.1.2.1 Xunta de Emerxencia Escolar**

Está composto por:

- A Dirección.
- Representantes dos distintos colectivos que compoñen o Consello escolar

As súas funcións fundamentais son:

- Programar as actividades necesarias para crear unha política de prevención no establecemento.
- Avaliar e analizar a programación prevista, incluídos os simulacros.

##### **4.1.2.2 Xefe de Emerxencias (X.E.).**

É a persoa encargada pola Dirección para resolver as emerxencias.

No plan de emerxencia ten as seguintes funcións:

- Programa de Mantemento das instalacións.
- Programa de Formación da Brigada.
- Investigación das emerxencias.
- Implantación do Plan.
- Recepción das Alarmas.
- Declaración do tipo de Emerxencia.
- Revisión e actualización do plan.
- Supervisión dos exercicios de evacuación e das prácticas da Brigada.
- Recepción dos partes de incidencias.
- Recepción e información a Axudas Exteriores.

#### **4.1.2.3 Xefe de Intervención (X.I.).**

É o coordinador dos equipos que interveñen na resolución da emerxencia.

As súas funcións son:

- Coordinación dos equipos que interveñen na resolución das emerxencias.
- Dirección das prácticas de extinción e de primeiros auxilios que realice a Brigada de emerxencias.
- Substitución do Xefe de Emerxencias.
- Colaboración co Xefe de Emerxencias na formación da Brigada.

#### **4.1.2.4 Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.).**

É o equipo que dá a alarma no seu sector e o evacúa.

As súas misións son:

- Dar a alarma na súa zona ou sector.
- Dirixe o fluxo de evacuación.
- Comproba que a súa zona está baleira.
- Controla os evacuados nos Puntos de Reunión.

#### **4.1.2.5 Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.).**

É o equipo que dá atención sanitaria primaria até a chegada de persoal sanitario especializado.

As súas misións son:

- Prestar Primeiros Auxilios aos accidentados ata a chegada de Persoal Sanitario Especializado.
- Axudar na Evacuación dos feridos baixo a Dirección do Persoal Sanitario.

#### 4.1.2.6 Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.).

É o equipo que actúa contra a emerxencia no primeiro momento tentando resolve la Realizarse un cuadrante que recolla ao persoal adscrito a Brigada de Emerxencias

XUNTA DE AUTOPROTECCION	NOME E APELIDOS
DIRECTOR DO CENTRO	Roberto F. Relova Quintero
REPRESENTANTE DOCENTES	M <sup>a</sup> Ángeles Gayoso Diz
REPRESENTANTE DO PERSOAL NO DOCENTE	M <sup>a</sup> Pilar Muleiro Veloso
REPRESENTANTE DO ALUMNADO	Natalia Feijoo Gómez

XEFE DE EMERXENCIA
Director do Centro
<b>SUPLENTE</b>
Subdirectora do centro ou o cargo directivo presente no centro

XEFE DE INTERVENCIÓN
Administración
<b>SUPLENTE</b>
Conserxería

EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCION
P14 – Biblioteca
t1 – t5
Dptos. 4 ou 3 – Xefaturas de Estudos
P10 – P11

EQUIPO PRIMEIROS AUXILIOS
P9
t3
Dptos 2 e 1, e S2

## EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN

P17

t4 – t13

S3 – Conserjería

P1 – P7

Vestuario

## **CAPÍTULO 5. PROGRAMA DE MANTENIMENTO DE INSTALACIONES.**

### **5.1 Descripción do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.**

O mantemento das instalacións propias realizarase conforme establece a normativa vixente nas datas que hai que establecer no Plan.

Todas as instalacións teñen unha regulamentación específica e no Plan hai que establecer o control do mantemento das instalacións e, ademais, deixar constancia documental das revisións que se efectúen

Hai que revisar e manter:

- a instalación eléctrica
- todas as instalacións de gas.
- a instalación de aire acondicionado, tanto dos condutos como da maquinaria e, se a tivese, o compartimento da instalación e o sistema de comportas que puidese ter, o sistema de gases, etc.
- a instalación de calefacción incluíndo a caldeira, o combustible da mesma, as conducións, etc.
- o sistema de comunicacións que se teña implantado no establecemento, aparellos, equipos, bases, etc.
- os equipos de elevación con todos os seus compoñentes.

### **5.2 Descripción do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.**

O mantemento das instalacións de Protección realizarase conforme establece a normativa vixente, (na actualidade o R.D.1942/1993 e a Orde de 16/04/1998) nas datas que hai que concretar no Plan.

A Iluminación de emerxencia e a Sinalización considéranse tamén como instalacións de protección e deberán revisarse nuns períodos prudentes que se consideran cada seis meses

Á iluminación de emerxencia realizaráselle unha proba de funcionamento.

A sinalización comprobarase que está visible e que sinala o que ten que sinalar, xa que se puideron cambiar determinados aspectos da instalación durante eses meses e non se modificou o sinal.

### **Mantemento dos extintores**

1. Operacións a realizar polo persoal dunha empresa mantedora autorizada, ou ben, polo persoal do usuario ou titular da instalación:
  - a) Cada tres meses:
    1. Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de observación.
    2. Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións etc.
    3. Comprobación do peso e presión no seu caso.
    4. Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas.
  
2. Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada:
  - a) Cada ano:
    1. Comprobación do peso e presión no seu caso.
    2. No caso de extintores de po con botello de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo do botello.
    3. Inspección ocular do estado das partes mecánicas.
  
  - b) Cada cinco anos:
    1. A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo de acordo coa ITC MIE AP5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendios.

## **Mantemento das BIE's**

1. Operacións a realizar polo persoal dunha empresa mantedora autorizada, ou ben, polo persoal do usuario ou titular da instalación:

a) Cada tres meses:

1. Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos.
2. Comprobación por inspección de todos os compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamento da boquilla caso de ser de varias posicións.
3. Comprobación, por lectura do manómetro, da presión de servizo.
4. Limpeza do conxunto e engraxe de peches e bisagras en portas do armario.

2. Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada:

a) Cada ano:

1. Desmonte da manguera e ensaio desta en lugar adecuado.
2. Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche.
3. Comprobación da estanquidade dos racores e manguera e estado das xuntas.
4. Comprobación da indicación do manómetro con outro de referencia (patrón) axustado no racor de conexión da manguera.

b) Cada 5 anos:

1. A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 kg/cm<sup>2</sup>.



## **DOCUMENTO III: PLAN DE ACTUACIÓN**

## CAPÍTULO 6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.

### 6.1 Identificación e clasificación das emerxencias.

Segundo os criterios establecidos en plans de Protección Civil, establécense os seguintes tipos de emerxencia:

- Preemerxencia
- Emerxencia parcial
- Emerxencia xeral

**En función do tipo de risco, atopamos os seguintes tipos de emerxencias:**

#### 1. Riscos Naturais.

##### **Risco de inundacións (corrementos de terras).**

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil que corresponda declare a situación de alerta.
- Non existe emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a inundación

##### **Riscos meteorolóxicos (ou climáticos).**

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil declare a situación de alerta.
- Non adoita existir emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a previsión meteorolóxica, (calor, vento, choiva,...).

#### 2. Riscos Tecnolóxicos.

##### **Riscos industriais.**

- A preemerxencia sobrevirá despois de calquera incidente que non poida ser controlado.
- A emerxencia parcial dependerá da evolución da preemerxencia e da configuración do establecemento.
- A falta de control da emerxencia nun lugar determinado levará á emerxencia xeral.

#### 3. Riscos Antrópicos.

##### **Risco de incendio.**

- A preemerxencia son todos os conatos de incendio,
- A emerxencia parcial prodúcese si non se domina o conato e existen sectores ou edificios diferenciados.
- A emerxencia xeral iníciase cando o incendio excede do sector ou edificio onde se produciu o conato inicial.

## **6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias.**

### **XEFE DE EMERXENCIA**

1. Recibir as alarmas e emerxencias.
2. Declarar o tipo de emerxencia.
3. Establecer o Centro de Control.
4. Recibir os partes de incidencias.
5. Recibir e informar ás Axudas Exteriores requiridas

### **XEFE DE INTERVENCIÓN E CONTROL**

1. Acudir ao lugar de emerxencia.
2. Coordinar os equipos que interveñen na resolución da emerxencia

### **EQUIPO DE PRIMERA INTERVENCIÓN**

1. Colaborar no control da emerxencia cos medios das zonas lindeiras
2. Localizar a outro compañeiro do equipo e xuntos, proceder ao control de emerxencia.
3. Comprobar que a súa zona está baleira.
4. Pechar todas as portas e xanelas da súa zona.
5. Colaborar coas Axudas Exteriores

### **EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS**

1. Prestar primeiros auxilios aos feridos
2. Axudar na evacuación dos feridos

### **EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN**

1. Dar a alarme no seu sector.
2. Dirixir o fluxo de evacuación cara ás saídas.
3. Axudar aos ocupantes da súa zona.
4. Axudar a evacuación das persoas impedidas.
5. Comprobar que a súa zona está baleira (últimos en saír).
6. Controlar os evacuados no punto de encontro

## a) Detección e Alerta.

A ALERTA consiste en avisar á Brigada de Emerxencias para mobilizala, do modo mais rápido posible porase en acción aos equipos de intervención interiores que informarán aos responsables e estes, de ser preciso, ás axudas exteriores.

O sistema de detección da emerxencia será:

- Sistemas preditos da Administración para os fenómenos naturais.
- Detección automática para incendios, escapes, etc.
- Detección humana no resto dos casos.

A alerta transmitirase por medios técnicos sempre que sexa posible. Poden utilizarse:

- Medios de comunicación.
- Timbres.
- Sirenas.

**Persoas encargadas da Recepción de chamadas do exterior:** Administración / Equipo Directivo

### 1.- CANDO RECIBA UNHA CHAMADA DE EMERXENCIA:

- **Tomar os datos persoais** de quen produce a chamada e dende que teléfono (extensión) se produce a mesma.
- **Comprobar a chamada recibida.**
- **Anotar** a situación, lugar, tipo de sinistro e apreciación subxectiva de circunstancias. (Olor, calor, fume, etc.)
- **Avisar** ao Director do Plan de Actuación e ao Xefe de Intervención
- **Esperar** instrucións do Director del Plan de Actuación.

### 2.- CANDO SE PRODUZA A FASE DE ALERTA:

- **Avisar** inmediatamente aos equipos de axuda externa.
- **Bloquear** as chamadas de comunicacións a través de operadora cara ao exterior.
- **Recibir** as chamadas do exterior ata ter confirmación dos equipos de axuda exterior.
- **Esperar** instrucións do Director do Plan de Actuación e do Director do Plan de Auto protección.

## b) Mecanismos de Alarma.

A ALARMA é a comunicación da emerxencia a todos os usuarios do establecemento e, por conseguinte, a orde de evacuación dunha zona ou sector. A alarma transmitirase por medios técnicos ou polo persoal do Equipo de Alarma e Evacuación.

Establécese a evacuación dos ocupantes do edificio de modo organizado pola Equipa de Alarma e Evacuación, tanto dos veciños propios da actividade como dos visitantes

### **b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.**

Cando se fala de avisos:

- Aviso aos traballadores e/ou usuarios do centro de traballo.
- Aviso ás Axudas Exteriores.

O aviso aos traballadores e/ou usuarios realizarase por medios técnicos, que serán postos en funcionamento polo Centro de Control por orde do Xefe de Emerxencias.

O aviso ás Axudas Exteriores farase por vía telefónica desde o Centro de Control cando o ordene o Xefe de Emerxencias.

### **b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.**

O Centro de Coordinación de Emerxencias do establecemento vai ser o Centro de Control. Estará situado nun lugar próximo á entrada do establecemento e deberá contar obrigatoriamente con liña de teléfono directa ao exterior. Por iso será Administración ou Secretaría.

Hai que establecer o funcionamento do Centro de Control e os protocolos de chamadas que é conveniente utilizar.

Hai que establecer a orde de chamadas, que pode variar en función do tipo de emerxencia.

Está PROHIBIDO efectuar chamadas ao C.C. para solicitar información. Hai que evitar que a Central se bloquee.

As instrucións para a persoa que está na central son:

#### Situación de NORMALIDADE

- Manter actualizado o directorio de teléfonos de emerxencia.
- Ter sempre en lugar visible devandito directorio.

#### Situación de EMERXENCIA

- Efectuar as chamadas de emerxencia segundo a orde establecida.
- Dar os avisos de emerxencia polo procedemento establecido.
- Seguir as instrucións do Xefe de Emerxencias.

### **c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.**

Os medios técnicos de funcionamento automático ante as emerxencias, deberán funcionar automaticamente.

Os usuarios e traballadores que non pertencen á Brigada de Emerxencias, seguirán as instrucións que lles transmita o Equipo de Alarma e Evacuación.

O persoal adscrito á Brigada de Emerxencias cumprirá as tarefas asignadas ao Equipo en que estean integrados, segundo o tipo de emerxencia.

### **d) Evacuación e/ou Confinamento.**

#### **Todo o persoal do centro**

##### **1.- SE SE DETECTA UN ACCIDENTE**

- **Prestar asistencia ao ferido.**
- **Alertar** ao equipo de primeiros auxilios.
- **Dar parte ao Director do Plan de Actuación.**

##### **2.- SE SE DETECTA UN INCENDIO**

- **Alertar á Centraliña Telefónica:** Identificarse / Detallar o lugar, natureza e tamaño da Emerxencia./ Comprobar que reciben o aviso.
- **Utilizar** inmediatamente o extintor axeitado.
- **Indicar** a situación do lume, ao *Xefe de Intervención* ou membros dos Equipos de Intervención.
- **Regresar** ao posto de traballo e esperar as ordes oportunas.

##### **3.- SE SOA A ALARMA**

- **Manter a orde.**
- **Atender e acatar** as indicacións do Equipo de Evacuación.
- **No atrasarse** a recoller obxectos persoais.
- **Pechar** toda as fiestras.
- **Saír** ordenadamente e sen correr.
- **Non falar** durante a evacuación.
- **Realizar** a evacuación a ras do chan en caso de presenza de fumes.

#### **DIRIXIRSE AO LUGAR DE REUNIÓN FIXADO E PERMANECER NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓN**

*Moi importante para saber se a evacuación se completou ou queda algún no interior da zona sinistrada.*

O profesorado de garda e o dedicado a actividades non lectivas responsabilizarase de controlar o simulacro nos diferentes andares e de vixiar que se cumpran as instrucións de desaloxo.

O profesorado de garda que non se encontre con ningún grupo, dirixirase o mais rapidamente posible á entrada do edificio e porase a disposición do Xefe de Emerxencias.

O **profesor de cada aula** será o único responsable de conducir e tranquilizar o alumnado na dirección de saída prevista, mantendo a orde, eliminando obstáculos se os houber e evitando que o grupo se disgregue, mesmo no punto de encontro. **Contará os alumnos/as para confirmar a correcta evacuación da aula.**

Actuará como responsable de andar, preferentemente, o profesor/a que estea situado no aula mais próxima á saída ou escaleiras evacuación.

#### **INSTRUCCIÓNs de EVACUACIÓN:** Normas xerais ante unha emerxencia

1. Cando soe a alarma, sigue as instrucións do docente.
2. Manter a calma e non gritar.
3. Se notas a falta dalgún compañeiro avisa ao docente. Se estás fóra da aula, únete rapidamente ao grupo de evacuación.
4. En xeral, axudarse uns aos outros.
5. Non entreterse con obxectos persoais, pois isto pode supor unha perda de tempo importante.
6. Nunca volvas atrás por ningunha razón, agás que o indique o docente.
7. Transportar os impedidos dun xeito eficaz.
8. Dirixir e axudar con especial atención aos discapacitados.
9. Circula polos corredores e escaleiras sen correr, sen empuxar e pegado á parede sen te separares do grupo.
10. Se se encontra nunha nube de fume, saia agachado ou pegado ao chan.
11. Sae ao exterior, non te deteñas xunto ás portas de saída, déixaas libres.
12. Ir ao punto de encontro (aparcadoiro diante da escola) a fin de realizar a contaxe e comprobar se falta algunha persoa.
13. Comunicar ao Equipo de Evacuación e Alarma as incidencias observadas na evacuación.
14. Comunicar o suceso ao Xefe de Emerxencias do modo mais rápido.
15. Quedar no punto de encontro, xunto ao teu grupo, ata que o diga o docente.

### **PROHIBICIÓNS durante a evacuación**

1. Separarse do grupo evacuado.
2. Deixar ocos nas filas de evacuación.
3. Levar vultos ou similares.
4. Correr.
5. Empuxarse e atropelarse.
6. Deterse.
7. Retroceder por algo ou por alguén.
8. Utilizar os ascensores.
9. Abandonar os puntos de reunión até nova orde.

### **NORMAS XERAIS**

1. En xeral, axudarse uns a outros.
2. Transportar aos impedidos dunha maneira eficaz.
3. Dirixir e axudar con especial atención aos discapacitados.
4. Comunicar ao E. A. E. as incidencias observadas na evacuación.
5. Parar e desconectar as máquinas que se estean utilizando.



## **DOCUMENTO IV: IMPLANTACIÓN**

## **CAPÍTULO 7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR.**

### **7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia.**

Unha vez que o ordene o Xefe de Emerxencias, realizaranse as chamadas aos Servizos de Axuda Exterior.

Como norma xeral e sempre que se necesite avisar a varios Servizos, é recomendable avisar ao teléfono de Emerxencias 1 1 2, xa que, cunha soa chamada, está a avisarse a todos os Servizos necesarios. En caso de emerxencia médica, pódese chamar ao Servizo de emerxencias sanitarias 061, pero única e exclusivamente en caso de emerxencia sanitaria.

### **7.2 A coordinación entre a dirección do Plan de Emerxencia e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de Emerxencia.**

Os Plans de Emerxencia débense integrar nos Plans de Protección Civil de Ámbito Local.

Os Servizos de Axuda Exterior dos Municipios son, en principio e dependendo da organización de cada Concello, a Policía Local e o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamentos.

Unha vez que se solicitou axuda aos Servizos de Axuda Exterior, cando cheguen ao establecemento e sexan informados polo Xefe de Emerxencias, fanse cargo da resolución da emerxencia.

En función da evolución da emerxencia, si fora necesario, o Xefe de Intervención do Servizo de Axuda Exterior Municipal poderá propor á Autoridade Política a activación do Plan de Protección Civil de Ámbito Local.

No caso de activarse o Plan de Protección Civil de Ámbito Local, a Dirección da emerxencia corresponderá ao Director do Plan, xeralmente o Alcalde, Xefe Local de Protección Civil, asistido polo Comité Asesor, e que ten no lugar da emerxencia un Posto de Mando Avanzado, composto polos Xefes de Intervención dos Servizos de Axuda Exterior Municipais.

### **7.3 As formas de colaboración da Organización de Emerxencia cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil.**

A colaboración entre a organización de Emerxencia do establecemento e o sistema público de Protección Civil pode ser variada e débese establecer neste apartado.

A colaboración pode ser bidireccional, de Protección Civil co Establecemento e do Establecemento con Protección Civil.

Como exemplo poden citarse as seguintes:

- De Protección Civil co Establecemento:
  - Asesoramento na implantación.
  - Colaboración na formación, tanto teórica como práctica.
- Do Establecemento con Protección Civil:
  - Inspeccións do establecemento para coñecelo.
  - Coñecemento dos equipos instalados no mesmo.
  - Participación nos simulacros para lograr unha coordinación efectiva.

Cando se fala de Protección Civil hai que referirse ao Sistema Público de Protección Civil que, como xa se indicou no apartado anterior, cada Entidade Local é autónoma para organizar os seus Servizos de Axuda Exterior como mellor lle interese en función dos recursos cos que conta.

## **CAPÍTULO 8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.**

### **8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.**

A responsabilidade corresponde ao titular da actividade e, na parte que corresponda, a aquelas persoas en quen delegue, sempre en función dos medios e autonomía que dispoñan.

A DIRECCIÓN será a responsable de por en funcionamento o Plan de Emerxencia.

Todo o persoal directivo, os mandos intermedios, técnicos e traballadores teñen que participar para conseguir a implantación do Manual de Emerxencia e os fins do mesmo. (Lei 31/95, art. 20).

Como xa se indicou no apartado 4.1.2, o Xefe de Emerxencias é o responsable da implantación de plan. Neste apartado deberase expresar claramente a identidade do responsable da implantación, aínda que no capítulo 1 xa se indicaron os seus datos.

### **8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Emerxencia.**

Hai que realizar unha formación dos integrantes da Brigada de Emerxencias.

Os programas concretos determinaranse en función do perigo do centro e da resposta que se quere obter.

Serán impartidos preferentemente por profesionais ou especialistas de cada unha das materias.

A formación do Equipo de Primeiros Auxilios centrarase en:

- Sinalización.
- Coñecemento do Plan.
- os primeiros auxilios aos accidentados.
- as técnicas básicas de RCP.
- o transporte de feridos.

A formación do Equipo de Primeira Intervención centrarase en:

- Sinalización.
- Coñecemento do Plan.

- A teoría do lume.
- Tipos de lumes
- Mecanismos de extinción
- Os axentes extintores.
- Os equipos de loita contra incendios.
- Prácticas con lume real.

### 8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Emerxencia.

Todo o persoal coñecerá o Plan, en liñas xerais.

Na reunión informativa para todo o persoal do establecemento, darase a coñecer o Plan de Emerxencia do establecemento e explicaranse as funcións de cada membro da Brigada de Emerxencias.

A información sobre o aos usuarios do establecemento realizarase en sesións informativas a realizar:

- 1ª sesión..... \_\_\_\_\_
- 2ª sesión..... \_\_\_\_\_

### 8.4 Sinalización

Como complemento á información facilitada, colocaranse carteis sobre:

- Medidas de prevención de incendios.
- Normas de evacuación.
- Puntos de reunión.
- Sinais de Alarma.

### 8.5 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

Medios	Datas de realización
Confección de planos	
Incorporación de medios técnicos	
Confección de carteis.	
Confección de planos <i>Vostede está aquí.</i>	

<b>Reunións informativas</b>	
<b>Selección do persoal que formará parte da Brigada de Emerxencias.</b>	
<b>Formación do persoal seleccionado.</b>	
<b>Colocación de carteis.</b>	
<b>Colocación de planos <i>Vostede está aquí.</i></b>	
<b>Colocación de sinais previstos</b>	
<b>Realización de simulacros.</b>	

## CAPÍTULO 9. MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.

### 9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

Periodicamente terase que realizar unha reciclaxe da formación impartida inicialmente e da información que se facilitou aos traballadores.

Neste apartado establecerase o programa a seguir para a reciclaxe e estableceranse os criterios que o xustifiquen.

Débase realizar un curso de reciclaxe anualmente aos compoñentes da Brigada de Emerxencias, en especial da fase práctica, como as prácticas de RCP e de extinción de incendios.

Cando se renove ou se incorpore persoal á Brigada, impartiráselles a mesma formación que se deu inicialmente aos compoñentes da mesma.

Cada vez que se cambien as condicións das instalacións, os procedementos de traballo, incorpórense novas tecnoloxías, etc., haberá que realizar unha revisión do Plan de Emerxencia e, posiblemente, haberá que realizar unha reciclaxe dos compoñentes da Brigada.

O mantemento da formación e información realizarase:

- Cursos de reciclaxe \_\_\_\_\_
- Cursos de novo persoal \_\_\_\_\_
- Recordatorio información ao persoal \_\_\_\_\_

### 9.2 Programa de simulacros.

Como xa se indicou, o programa de reciclaxe da formación desenvólvese no apartado anterior 9.1.

Neste apartado estableceranse as datas para a realización dos dous simulacros.

O simulacro é a comprobación de que o sistema de emerxencia deseñado é válido.

Os simulacros serven para:

- Detectar omisións nas condutas previstas no Plan.
- Adestrarse nas evacuacións.
- Medir os tempos de evacuación.
- Comprobar a localización dos medios de protección e o seu estado.
- Comprobar a rapidez de resposta das misións asignadas ás persoas.
- Comprobar a correcta posta dos equipos.

- Comprobar a sinalización.

**Na fase de preparación realizarase:**

- Reunións da Dirección.
- Determinación das bases ou supostos do exercicio.
- Información aos usuarios, si establécese algunha norma ou o quere a Dirección do establecemento, pero sen avisar o día nin a hora.
- Determinación do día e hora do simulacro, tentando manter o factor sorpresa.
- Reunións con Axudas Exteriores, aínda que non participen no exercicio.

**O desenvolvemento do simulacro terá as seguintes etapas:**

- Localización dos Controladores nos lugares prefixados.
- Dar o sinal de ALARMA.
- Realizar a evacuación do establecemento.
- Os E.A.E. controlarán os tempos de evacuación da planta asignada ata o recuento no punto ou puntos de reunión.
- Ordenar o regreso ao establecemento.
- Avaliación do exercicio

Con posterioridade á realización do simulacro deberá existir unha reunión dos responsables de seguridade no establecemento, para avaliar todas as incidencias sucedidas no simulacro.

A realización dos exercicios terá lugar:

- Realización simulacro.....\_\_\_\_\_

**9.3 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Emerxencia.**

Débense establecer os criterios que orixinarán unha revisión do plan.

Poderán ser os seguintes:

- Cambio das condicións das instalacións.
- Cambio ou modificación dos procedementos de traballo.



- Incorporación de novas tecnoloxías.
- Cambio ou modificación do equipo directivo do establecemento.
- Cambio ou modificación dos membros da Brigada de Emerxencias
- Consecuencia da análise dos exercicios e simulacros que se efectuaron no establecemento.

**ANEXOS**

## ANEXO I. DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN.

### 1. TELÉFONOS DO PERSOAL DE EMERXENCIAS.

Para aqueles casos en que a Alerta dos compoñentes da Brigada realícese por vía telefónica, é necesario dispor dun directorio dos teléfonos de devanditas persoas.

O directorio estará organizado coa orde de chamadas que deben realizar, indicando polo menos:

- Posto de traballo na emerxencia
- Nome
- Nº de teléfono

En determinados postos de responsabilidade nas emerxencias, tamén é necesario indicar un teléfono móbil para darlles información aínda que non estean no traballo no momento da emerxencia

### 2. TELÉFONOS DE AXUDA EXTERIOR.

AXUDAS EXTERNAS DE EMERXENCIAS	TELÉFONO
SOS GALICIA - EMERXENCIAS	112
EMERXENCIAS SANITARIAS	061
PROTECCIÓN CIVIL	986 222 002
PARQUE BOMBEIROS	080 - 986 433 333
GARDA CIVIL	062 – 986 425 900
POLICÍA NACIONAL	091
POLICÍA LOCAL	092 – 986 810 101
HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO	986 811 111

## ANEXO II. FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS.

Un formulario é un modelo para a resolución de determinados trámites.

Un protocolo é a regra para realizar determinadas accións para conseguir un fin.

O deseño dos formularios dependerá da organización da Emerxencia do establecemento que se estableceu nos capítulos precedentes. *(Neste apartado deseñaranse os formularios, conforme os protocolos establecidos no Plan de Emerxencia, para a resolución das emerxencias.)*

## ANEXO III. PLANOS.

A información recompilada plasmarase nos planos que se indican neste apartado.

Os planos confeccionaranse a escala conveniente, tentando utilizar formatos DIN A4, (210 x 297), ou DIN A3, (297 x 420).

Débense preparar os seguintes exemplares:

- Para o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamentos que corresponda ou para o Departamento de Protección Civil, segundo a organización municipal que se teña.
- Para a Dirección do establecemento.
- Para colocar á entrada principal do edificio nun armario ignífugo coa inscrición "USO EXCLUSIVO DE BOMBEIROS"

Conterán os seguintes datos:

- Plano de situación, comprendendo a contorna próxima urbano, industrial ou natural no que figuren os accesos peonís e rodados, comunicacións, etc.
- Planos descritivos de todas as plantas dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.
- Planos de localización por plantas de todos os elementos e/ou instalacións de risco, tanto os propios como os da contorna.
- Planos de localización dos medios de emerxencia, conforme a normativa UNE.
- Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento, reflectindo o número de persoas a evacuar ou confinar por áreas segundo os criterios fixados na normativa vixente.